

Confraría: Confraría de Lourizán

Asunto: Ratificación Plan Electoral 2022

O día 05/09/2022 o Diario Oficial de Galicia publicou a Resolución do 14/07/2022 pola que se convocan eleccións para a renovación dos órganos reitores das confrarías de pescadores de Galicia, incluídas as súas agrupacións sectoriais e das súas federacións.

Consonte ao artigo 96 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, a comisión electoral aprobará o plan electoral no prazo de cinco días desde a data da súa constitución, que serán remitidos á consellería competente en materia de pesca para súa ratificación.

O contido mínimo dos Plans Electorais, ven determinado no devandito artigo 96 do Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro e no artigo 13 da Orde do 29 de abril de 2014 polo que se regulan as eleccións para a renovación dos órganos reitores de confrarías de pescadores de Galicia e das súas federacións.

Recibido neste Servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais o Plan Electoral desa Confraría para as eleccións que se van celebrar o vindeiro 29/10/2022 e á vista dos preceptos legais sinalados, procede a **RATIFICACIÓN** do Plan Electoral.

Achegase o Plan Electoral ratificado por este Servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais a través da plataforma ELECON.

O Secretario da comisión electoral garantirá a exposición do Plan Electoral ratificado no taboleiro de anuncios da confraría durante o desenvolvemento de todo o proceso electoral.

Santiago de Compostela,

A xefa do servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais

María Otero Reboiras



DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléf. 981-546177
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



ELECCIÓN AOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE LOURIZÁN – SANTO ANDRÉ

Acta nº MA003/2022

ACTA DA COMISIÓN ELECTORAL DE APROBACIÓN DO PLAN ELECTORAL

En Lourizán, Pontevedra, ás 11:00 horas do día 13 de setembro do 2022, reúnen na sede da confraría os membros da comisión electoral que a seguir se relacionan, para tratar a seguinte orde do día:

1. Elaboración e aprobación do plan electoral.
2. Rogos e preguntas. (de ser o caso)

PRESIDENTA:FARIÑA REY, M^a CARMEN
SECRETARIO:RODRÍGUEZ BARREIRO, CARLOS
VOGAL:REA VILA, MARTA
VOGAL:CORDEIRO MARTÍNEZ, FERNANDO
VOGAL:GARCÍA POMBO, JUAN MANUEL

Ao concorreren polo menos a metade máis un dos membros, tendo que ser dous deles a Presidenta e o Secretario, queda constituída esta comisión electoral e dá comezo a sesión.

Segundo o censo da confraría, que ascende a CENTO NOVENTA E OITO (198) afiliados, correspóndenlle DEZASEIS (16) membros na xunta xeral, e OITO (8) no cabido.

Para a configuración da XUNTA XERAL, destes membros OITO (8) corresponden ao COLECTIVO DE TRABALLADORES e OITO (8) ao COLECTIVO DE EMPRESARIOS.

RATIFICADO

PLAN ELECTORAL CONFRARÍA DE PESCADORES DE LOURIZÁN.

1. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL DA CONFRARÍA.

O censo de membros da Confraría de Pescadores de Lourizán - Santo André está composto por un total de CENTO NOVENTA E OITO (198) persoas membro. Consonte ao artigo 23.3 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia (en diante Decreto 8/2014), con este número de membros corresponde constituír una xunta xeral con DEZASEIS (16) vogalías, que se repartirán de xeito paritario en OITO (8) vogalías para o colectivo de empresarios/as e OITO (8) vogalías para o colectivo de traballadores/as.



2. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE EMPRESARIOS/AS.

O censo de empresarios da Confraría de Pescadores de Lourizán - Santo André está composto por un total de QUINCE (15) persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

| Denominación | Nº de membros | Reparto vogalías XUNTA XERAL |
|---|---------------|------------------------------|
| PESCA DE BAIXURA FROTA ARTES MENORES | 7 | 4 |
| MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN | 4 | 2 |
| RECURSOS ESPECÍFICOS, SOLÉNIDOS DESDE EMBARCACIÓN | 4 | 2 |

3. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE TRABALLADORES/AS.

O censo de traballadores/as da Confraría de Pescadores de Lourizán - Santo André está composto por un total de CENTO OITENTA E TRES (183) persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

| Denominación | Nº de membros | Reparto vogalías XUNTA XERAL |
|----------------|---------------|------------------------------|
| MARISQUEO A PÉ | 175 | 8 |
| TRIPULANTES | 8 | 0 |

4. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DO CABIDO POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE EMPRESARIOS/AS.

O censo de empresarios/as da confraría de Pescadores de Lourizán - Santo André, está composto por un total de QUINCE (15) persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

| Denominación | Nº de membros | Reparto vogalías CABIDO |
|---|---------------|-------------------------|
| PESCA DE BAIXURA FROTA ARTES MENORES | 7 | 2 |
| MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN | 4 | 1 |
| RECURSOS ESPECÍFICOS, SOLÉNIDOS DESDE EMBARCACIÓN | 4 | 1 |

5. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DO CABIDO POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE TRABALLADORES/AS.

O censo de traballadores/as da Confraría de Pescadores de Lourizán - Santo André está composto por un total de CENTO OITENTA E TRES (183) persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

| Denominación | Nº de membros | Reparto vogalías CABIDO |
|----------------|---------------|-------------------------|
| MARISQUEO A PÉ | 175 | 4 |
| TRIPULANTES | 8 | 0 |



RATIFICADO

6. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS NA AGRUPACIÓN SECTORIAL DE MARISQUEO A PÉ.

O censo da agrupación sectorial de marisqueo a pé está composto por un total de CIENTO SETENTA E CINCO (175) persoas membro polo que lle corresponden un presidente e 5 vogais co seguinte reparto:

- UN (1) presidente nato.
- CINCO (5) vogais natos.

7. SISTEMA ELECTORAL.

Segundo o recollido no punto 2 deste plan electoral, dentro do colectivo de empresarios/as cada elector poderá dar o seu voto ao número máximo de vogais que corresponde ao sector de produción no que ten dereito a exercer o voto, consonte ao seguinte criterio:

| Denominación | Nº máximo de vogais a marcar (X) |
|---|----------------------------------|
| PESCA DE BAIXURA FROTA ARTES MENORES | 4 |
| MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN | 2 |
| RECURSOS ESPECÍFICOS, SOLÉNIDOS DESDE EMBARCACIÓN | 2 |

Segundo o recollido no punto 3 deste plan electoral, dentro do colectivo de traballadores/as cada elector poderá dar o seu voto ao número máximo de vogais que corresponde ao sector de produción ou agrupamento no que ten dereito a exercer o voto, consonte ao seguinte criterio:

| Denominación | Nº máximo de vogais a marcar (X) |
|----------------|----------------------------------|
| MARISQUEO A PÉ | 8 |
| TRIPULANTES * | 0 |

(*) Consonte ao disposto no artigo 13º 3.c) da Orde do 29 de abril de 2014 pola que se regulan as eleccións para a renovación dos órganos reitores de confrarías de pescadores de Galicia e das súas federacións, acórdase por unanimidade dos presentes que os tripulantes enrolados nas embarcacións da confraría, e que figuran de alta no censo como traballadores, debido a non acadar a ratio mínima de representación calculada polo sistema proporcional da Lei d'Hondt adoptado por esta comisión para proceder ao reparto de vogalías, sexan incorporados ao censo de marisqueo a pé, por pertenceren ao mesmo colectivo de traballadores ca estes.

10. LUGAR ONDE ESTARÁ SITUADO O COLEXIO ELECTORAL.

O colexio electoral para as eleccións aos órganos de goberno da Confraría de Pescadores de Lourizán estará situado na sala de xuntas da Confraría de Pescadores de Lourizán, sito na rúa do Areal, 6 de Lourizán, concello de Pontevedra.

11. HORARIO E TEMPO EN QUE PERMANECERÁ ABERTO O COLEXIO ELECTORAL.

As votacións desenvolveranse de xeito ininterrompido dende as 10:00 horas ata as 14:00 horas do día 29 de outubro de 2022. O colexio electoral permanecerá aberto catro horas continuadas.

ROGOS E PREGUNTAS. Non se producen.



Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12:15 horas rematouse a sesión, redactándose a seguinte acta que, en proba de conformidade, asinan todos os asistentes.



A PRESIDENTA



O SECRETARIO



OS/AS VOGAIS



G-36015253

Rúa do Areal, 6 - Lourizán
36910 Pontevedra

Tel: 986 880 245 / Fax: 986 891 667
cofradia@cofradiakourizan.org

RATIFICADO



